



PREGUNTA ORAL SOBRE AS ACTUACIÓNS DO CONCELLO EN RELACIÓN CO VERTEDOIRO DE MIRAMONTES, EN GRIXOA

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día do Pleno da Corporación, a seguinte PREGUNTA ORAL

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai máis de un ano e medio que se acordou por unanimidade no Pleno do Concello adoptar unha serie de medidas para controlar a actividade asociada ao vertedoiro de Grixoa e, posteriormente, outro acordo unánime no mes de febreiro pasado, instaba ao Concello a emprender as xestións necesarias para a clausura dos tecnosolos a restauración da zona da canteira de Miramontes.

Con posterioridade a eses acordos, o proceder do Concello resulta cando menos confuso, posto que por unha parte acorda desistir do procedemento de anulación da licenza municipal de obras destas instalacións de Grixoa, e por outra parte, e de forma simultánea, abre un novo expediente sobre a declaración previa de inicio da actividade na planta de Miramontes.

Á vista destas actuacións administrativas e do tempo transcorrido, formúlase a seguinte pregunta:

Que actuacións concretas -e con que resultados- ten levado a cabo, no ámbito das súas competencias e nos últimos meses, o Goberno municipal en relación cos acordos unánimes acadados en xuño de 2017 e en febreiro de 2018 co fin de controlar a actividade asociada ao vertedoiro de Grixoa, para poñer de manifesto as irregularidades denunciadas pola veciñanza e adoptar as medidas precisas para a súa minoración ou, se fose o caso, o seu cesamento?

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2018

Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular